

# PLAN DE CONVIVENCIA



CEIP MANUEL  
MASDÍAS  
FERROL!



## ÍNDICE

### 1. Introducción

- 1.1. Definición de convivencia
- 1.2. Finalidade do Plan

### 2. Diagnóstico da convivencia no centro

- 2.1. Características do centro e do entorno
  - 2.1.1. O espazo físico
  - 2.1.2. Contexto socioxeográfico
  - 2.1.3. Centro, alumnado e profesorado
- 2.2. Outros membros da comunidade educativa
- 2.3. Estado da convivencia no centro: o que funciona e o que non funciona
- 2.4. Actuacións desenvolvidas
- 2.5. Relacións coas familias e outras institucións do entorno

### 3. Obxectivos

- 3.1. Docentes
- 3.2. Alumnado
- 3.3. Familia

### 4. Comisión de convivencia: composición, plans de reunión e actuación

- 4.1. Composición
- 4.2. Funcións
- 4.3. Plans de reunión e actuación

### 5. Establecemento de liñas de actuación con outras institucións

### 6. Actuacións

- 6.1. Normas de aula e centro
- 6.2. Medidas para previr conflitos
  - 6.2.1. Actividades para facilita-la participación e integración do alumnado
  - 6.2.2. Actividades para favorece-la relación familia/escola
  - 6.2.3. Actividades para a sensibilización fronte ó acoso e intimidación entre iguais
  - 6.2.4. Medidas organizativas
  - 6.2.5. Medidas de atención á diversidade no centro
  - 6.2.6. Plan de Acción Titorial
- 6.3. Adopción de acordos entre o alumnado implicado en conflitos
- 6.4. Compromiso de convivencia e Contrato
  - 6.4.1. O compromiso
  - 6.4.2. Contrato
- 6.5. Protocolo en caso de acoso, condutas disruptivas graves e agresións
  - 6.5.1. Condutas disruptivas graves e agresións
  - 6.5.2. Acoso



## **7. Difusión, seguemento e avaliación**

## **8. Anexos**



## 1. INTRODUCCIÓN

Pensamos que unha boa convivencia non soamente é unha condición para conseguir un bo clima de traballo, senón que é unha aprendizaxe básica en sí mesma, á que debe contribuí-la educación escolar e que é resultado dun traballo sistemático.

### 1.1. Definición de convivencia

Entendemos que para conseguir un clima de convivencia adecuado é preciso respectarse mutuamente, asumir unhas normas comúns, aceptar outras opinións e formas de vida e resolve-los conflitos por medios non violentos. A convivencia baséase, polo tanto, nunha serie de pautas e comportamentos que facilitan desde a aceptación e o respecto do outro como persoa, ata asumir que as diferenzas enriquecen. Ademais, a convivencia vese afectada polas interaccións entre os diferentes compoñentes da comunidade educativa. Por este motivo, o fomento do clima que perseguimos depende da devandita comunidade como unha globalidade.

### 1.2. Finalidade do Plan:

En termos xerais perseguimos favorecer propostas que axuden a conseguir unha formación no respecto de dereitos, no exercicio da tolerancia, dentro de principios democráticos de convivencia e mellora-la cohesión grupal e relacións internas. Máis concretamente tratamos de:

- Fomenta-la práctica de valores cívicos e democráticos (respecto polas demais persoas, polo mobiliario e bens comúns, tolerancia, solidariedade, dereitos humanos, medio natural, igualdade entre homes e mulleres ...)
- Mellorar o clima escolar (habitabilidade dos espazos, atmosfera ordenada e tranquila, relacións dentro da aula ...).
- Atender á diversidade.

## 2. DIAGNÓSTICO DA CONVIVENCIA NO CENTRO

### 2.1. Características do centro e do entorno

#### 2.1.1. O espazo físico

Este é un centro, que data de 1980, con grandes espazos para o tempo de lecer e un pavillón polideportivo no que en moitas ocasións prodúcese o maior número de problemas de convivencia, motivadas en grande medida polos lances das actividades

#### 2.1.2. Contexto socioxeográfico

O barrio de Caranza amosa unhas características singulares dende o punto de vista socioeconómico e cultural que teñen, inevitablemente, o seu correspondente na vida escolar.

Trátase dun barrio de relativamente recente constitución, asentado sobre un espazo previamente case deshabitado, aínda que tradicional de Ferrol, no que, sobre unha superficie territorial relativamente reducida, se dispuxo a construción de grandes edificios de moitas vivendas e case sen espazos de lecer nin servizos axeitados, para albergar unha poboación de ó redor de vinte mil habitantes; é dicir, case unha terceira parte da poboación



do concello de Ferrol.

A poboación que se veu asentando no barrio foi moi heteroxénea: traballadores e traballadoras, fundamentalmente do sector naval, procedentes en primeira ou segunda liña do medio rural ou do derrubado barrio ferrolán de Esteiro, poboacións de etnias minorizadas, e mesmo profesionais das clases medias ou medias altas (enxeñeiros, médicos, militares,...) que se asentaron en edificios de cooperativas.

Contou o barrio dende o seu comezo cun forte asociacionismo, fundamentalmente no ámbito da Asociación de Veciños, e das culturais e deportivas, que teimou duramente para conseguí-los servizos e os espazos necesarios para constituír un lugar habitable e mesmo acolledor. Ó longo destes anos foise conseguindo, aínda que quedan cousas por facer e o labor non está rematado.

Sen embargo, esa heteroxeneidade da poboación, por estatus e por procedencia, impediu que o barrio tivese un asentamento cultural (entendido este no máis amplo e fundamental sentido da palabra), dándose a circunstancia de que ás novas xeracións nadas no barrio non se lles transmitiron as raíces culturais (de xeito salientable, a lingua) que os máis maiores posúen, e presentan unha certa alienación cultural e unha escasa presenza de valores en moitos casos que, unida á recorrente crise económica e ás conseguíntes situacións de falta de traballo, dificultan enormemente a intervención escolar e crean con certa frecuencia situacións de conflito social.

Unha das eivas importantes, que tamén ten a súa tradución na escola, é a baixa presenza, e xa que logo actividade, dos servizos sociais do concello, atopándonos con que moitas problemáticas escolares derivadas de situacións de conflitos familiares ou situacións de desamparo, non son atendidas convenientemente. Resulta imprescindible o podermos contar con persoal de traballo social que sirva de ponte e dirección naqueles casos de forte desestruturación familiar ou outras problemáticas que inciden de xeito moi notable na intervención educativa.

O barrio ten, non obstante, unha saúde de ferro e sabe xuntarse para demandar cando é necesario, e tamén sabe festexar e divertirse en múltiples ocasións ó longo do ano, a través de celebracións e festas nas que se fai presente o sentido comunitario e a firme decisión de procurar que vaia collendo o pouso necesario para atinxir unha personalidade propia coas raíces na terra.

### **2.1.3. Alumnado e profesorado**

O catálogo de postos de traballo establece para este centro 3 unidades de EI e 6 unidades de EP.

Profesorado:

4 de E. Infantil, 5 de EP, 1 de FI, 1 FF, 1 de EM, 1 de EF, 1 de PT, e 1 de Orientación (compartida), 1 Relixión católica e 1 Relixión evanxélica (compartidas)

Asisten uns 150 alumnos e alumnas. A ratio está próxima aos 18 alumnos/as e deles, aproximadamente un terzo, pertence á étnica xitana.

## **2.2. Outros membros da comunidade educativa**

Existe una ANPA que colabora no funcionamento do Centro, e na organización de actividades extraescolares.

Hai unha conserxe, persoal de limpeza e de comedor que dependen do concello. Por outra



parte, o concello participa no desenvolvemento de diferentes actividades relacionadas co ámbito educativo, mediante distintos programas, servizos e subvencións:

Almorzos escolares Comedor escolar. Programa “Educa-lo ocio”

### **2.3. Estado da convivencia no centro: o que non funciona e o que funciona**

Este centro comezou a súa andadura aló polos anos 80. Empregouse unha enquisa para saber que pensa toda a comunidade sobre a convivencia no noso centro, administramos cuestionarios ós distintos sectores da comunidade educativa: alumnado (Educación Infantil e 1º Ciclo da Educación Primaria / 2º e 3º Ciclo da Educación Primaria), familias e profesorado. **(Anexos I, II e III)**

Da análise, reflexión e discusión dos datos obtidos resumimos os aspectos máis salientábeis.

#### **Alumnado**

##### **Alumnado de Educación Infantil**

Aproximadamente un 80% dos alumnos/as afirman que na escola sítense contentos, hai exactamente 8 alumnos/as que manifestan que non.

Máis dun 90% consideran que teñen moitos amigos e amigas e que no tempo de lecer xogan cos demais.

En torno a un 85% do alumnado está contento no patio, hai 6 alumnos/as que manifestan que non.

Polo que respecta ós ítems: comparto cos demais; xogo sen lles facer dano ós demais; respecto ós meus compañeiros/as e ás mestras/es; non molesto ós meus compañeiros/as; e colaboro para sermos todos felices, o 100% do alumnado contesta que sí.

##### **Alumnado do 1º Ciclo de Educación Primaria**

Case o 100% do alumnado da E.P. sítense contento no colexio, ten moitos amigos e amigas e no tempo de lecer xoga cos demais. Unicamente aparece unha resposta negativa en cada un destes ítems.

Cando se lles pregunta se no patio están contentos, de novo case o 100% resposta que sí, sendo, neste caso, tan só dous alumnos/as os que responden que non.

A gran maioría considera que comparte cos demais, que respecta ós seus compañeiros/as e ás mestras/es e que colabora para sermos todos felices.

Quizais os resultados máis salientábeis prodúcense cando se lles pregunta se xogan sen lles facer dano ós demais, ó redor do 15% considera que non, ou se molestan ós seus compañeiros e compañeiras, o 20% contesta que sí.

##### **Alumnado do 2º Ciclo de Educación Primaria**

Case o 90% do alumnado do 2º Ciclo da Educación Primaria sítense contento no colexio, son 3 os alumnos/as que séntense regular.

Polo que respecta ás relacións, a gran maioría, entre o 70 e o 82%, lévanse ben, tanto co seu titor/a, como cos demais mestres e mestras, como cos seus compañeiros/as. Neste último caso é o 70% do alumnado o que cre levarse ben cos seus compañeiros/as mentres que o 30% restante manifesta que lévase regular.

Cando se produce algún problema con algún compañeiro/a é na casa onde máis confianza amosan para conta-lo, seguido de a outros mestres/as, ós meus amigos/as e, por último, ó meu titor/a. É significativo que o contarllo ó seu titor/a é á única opción onde unha



porcentaxe do alumnado resposta que non, concretamente un 18%.

Os conflitos que se dan con máis frecuencia, na opinión do alumnado deste ciclo, son:

- interromper nas clases, non deixarlles traballar ós compañeiros/as
- insultar ós compañeiros/as
- facer burlas, poñer “motes” ós compañeiros/as
- pegar, golpear, empurrar, dar patadas
- non deixar participar nos xogos a algún neno/a, deixalo de lado, non facerlle caso.

Os lugares onde teñen lugar estes conflitos son, na maior parte das veces, noutras zonas do patio no tempo de lecer, seguido da entrada e das pistas.

Por último, e respecto ó seu pensar en canto ás normas de convivencia do noso colexio, o 81% do alumnado coñece as normas de convivencia, o resto considera que regular. É significativo que tan só un 53% manifesta que respecta estas normas, un 39% manifesta que regular e un 8% que non. Así mesmo, tan só un 23% cre que os alumnos/as do colexio respectan as normas de convivencia, un 69% que regular e un 8% que non.

Cando se lles pregunta se a convivencia no colexio é boa, o 73% das respostas son sí ou regular, o 27% restante opina que non.

Xa, por último, a gran maioría do alumnado gústalle as normas de convivencia que temos e axúdanlle a evitar e resolver conflitos.

### **Alumnado do 3º Ciclo de Educación Primaria**

Ó igual que no 2º Ciclo, case o 90% do alumnado síntese contento no colexio, son 4 os alumnos/as que responden que regular e 1 que mal.

Polo que respecta ás relacións, a gran maioría, entre o 83% e o 91%, lévanse ben, tanto co seu titor, como cos demais mestres e mestras, como cos seus compañeiros e compañeiras. Neste último caso, é o 85% do alumnado o que cre levarse ben cos seus compañeiros/as mentres que o 15% restante manifesta que lévase regular.

Cando se produce algún problema con algún compañeiro/a xa non é na casa onde máis confianza amosan para conta-lo como era no 2º Ciclo, agora é o titor/a a quen llo contan en primeiro lugar e son precisamente ós seus propios compañeiros/as os que llo contarían no último lugar, manifestando, incluso, o 27%, que non llo contarían.

Os conflitos que se dan con máis frecuencia, na opinión do alumnado deste ciclo, son, o igual que no ciclo anterior:

- insultar ós compañeiro/as
- interromper nas clases, non deixarlles traballar ós compañeiros/as
- facer burlas, poñer “motes” ós compañeiros/as
- pegar, golpear, empurrar, dar patadas

Respecto ó ciclo apreciamos unha variación no seguinte conflito xa que, mentres os alumnos do 2º ciclo elixían, a continuación destes, non deixar participar nos xogos a algún neno/a, deixalo de lado, non facerlle caso, neste 3º Ciclo substitúese este conflito por outros dous que antes non aparecían con tanta frecuencia:

- ameazar ou avisar con facerlle algún dano a algún neno/a
- faltas de respecto algún compañeiro/a por algunha característica do seu aspecto físico ou da súa forma de ser ou de pensar.

O lugar onde teñen lugar estes conflitos son, na maior parte das veces, na pistas no tempo de lecer e noutras zonas do patio no tempo de lecer, seguida da entrada.

Por último, e respecto ó seu pensar en canto ás normas de convivencia do noso colexio, o 76% do alumnado coñece as normas de convivencia, o 16% resposta que regular e o 8% dí que non coñecelas.

A gran maioría, un 73%, manifesta que respecta as normas, o resto resposta que regular



ou que non. Non chega ó 25% a porcentaxe do alumnado que opina que os alumnos/as do colexio respectan as normas de convivencia, a gran maioría consideran que regular.

Cando se lles pregunta se a convivencia no colexio é boa, o 50% resposta que si, do resto case todos opinan que regular.

Xa, por último, a gran maioría do alumnado gústalle as normas de convivencia que temos e axúdanlle a evitar e resolver conflitos.

## **Familias**

A participación das familias foi dun 66%.

A valoración das familias das relacións cos titores/as foi moi satisfactoria. Así mesmo, valoraron as relacións dos seus fillos tanto cos titores/as, como cos demais mestres/as e persoal do colexio, con puntuacións altas. En canto á relación dos fillos co seus compañeiros, a maioría considera que é boa, cómpre sinalar 4 casos en que consideran que é mala.

Polo que respecta ás relacións dos pais/nais co equipo directivo e cos demais mestres/as e persoal do colexio, a maioría considera que é normal.

Cando se lles pregunta se coñecen as normas de convivencia do centro, un 79% resposta que si, en torno ó 15% regular e o 6% dí non coñecelas.

Polo que respecta á participación na vida social do centro, case o 58% considera que participa pouco, o resto resposta que abondo ou moito.

A maioría dos pais/nais pensa que o seu fillo/a vai ó colexio contento, que son invitados a participar en actividades do centro e que teñen información de cómo vai o seu fillo. Cabe sinalar, no obstante, que un 33% dos pais/nais, cando se lles pregunta se adoitan ir ó centro para as titorías de pais/nais, responden ou ben que non ou ben regular. Así mesmo, o 47%, cando se lles pregunta se adoitan ir ó centro para participar en actividades, responden ou ben que non ou ben regular.

Polo que respecta á información sobre os dereitos e deberes do alumnado, profesorado e pais/nais, o 64% das familias considera que o centro si informa, mentres que o 36% restante considera que non ou regular. Así mesmo, apenas un 55% cre que teñen información da convivencia no centro, o resto pensa que non ou regular.

A gran maioría das familias, aproximadamente un 80%, opina que non é un colexio con problemas importantes de disciplina.

Os conflitos que se dan con máis frecuencia, na opinión das familias, son as agresións verbais entre o alumnado e indisciplina (insultos, malas contestacións, faltas de respecto,...). Seguiríanlle as condutas inapropiadas nas clases e agresións físicas entre o alumnado.

Cando se lles pregunta se cren que hai algunha que lle afecte á seu fillo ou filla hai un 16% que opina que sí e un 8% que contesta regular.

Xa no último apartado, cando se lles pregunta ás familias polas iniciativas para mellorar a convivencia no centro educativo, atopámonos cunha moi alta porcentaxe que considera informar ás familias sobre estratexias diante dos conflitos como a medida máis útil. Mellorar as relacións entre o profesorado e as familias e facer grupos de mediación en conflitos na escola serían as outras medidas máis valoradas.

## **PROFESORADO**

A participación do profesorado foi dun 84%.

O 63% dos mestres do noso centro valora o clima de traballo e as relacións entre o profesorado como boas ou normais, mentres que o 37% o valora como malo ou moi malo.

No caso concreto das relacións co equipo directivo é o 40% o que considera que son boas ou moi boas, o 33% normais, e o 27% malas ou moi malas. As relacións do profesorado





co alumnado e viceversa arrojan exactamente os mesmos resultados: o 68% dos mestres pensan que son boas ou moi boas, mentres que o resto as valoran como normais.

Polo que respecta ás relacións entre o alumnado, o 63% do profesorado cre que son boas, para o resto son normais.

Un pouco menos da metade dos mestres, o 44%, pensa que as relacións coas familias son boas, para o resto son normais.

Cando se lles pregunta polo caso contrario, as relacións das familias co profesorado, ocorre algo semellante xa que unha moi alta porcentaxe as valora como normais e o resto como boas, aparecendo, incluso algún caso que a valora como mala.

No caso das relacións do persoal non docente co resto da comunidade educativa, tan só o 19% resposta que son normais, o resto están repartidas entre boas e moi boas.

Polo que respecta ás relacións da comunidade educativa co contorno escolar, o 86% pensa que son normais ou boas, hai una pequena porcentaxe que resposta que son moi boas ou moi malas.

Por último, case o 100% dos mestres valora as relacións do centro cos servizos socio-sanitarios e coa administración educativa como normais ou boas.

Cando se lles pregunta ós mestres polos conflitos que se producen con máis frecuencia, son os que teñen lugar entre o profesorado e o equipo directivo e os que se dan entre o profesorado os que máis e máis altas puntuacións acadan.

A percepción dos mestres respecto ós conflitos que se dan entre o alumnado é de que se dan pouca frecuencia, o 73% das respostas, o resto pensa que abondo ou moito.

Case o 100% dos mestres pensa que os conflitos entre o profesorado e as familias son poucos.

Xa no caso concreto dos conflitos que se teñen producido con máis frecuencia no centro nos últimos anos, é o absentismo e deserción escolar o que máis preocupa ó profesorado.

Seguiríalle, con puntuacións moi similares, as agresións verbais entre o alumnado. As condutas disrutivas (interrupcións) nas clases e os problemas entre o profesorado son os seguintes conflitos que acadan puntuacións máis altas.

É importante sinalar a aparición dalgunha resposta, inda que nunha porcentaxe moi baixa, de que tense producido acoso sexual en poucas ocasións. Así mesmo, aparecen algunhas respostas da aparición, tamén en poucas ocasións, de agresións físicas do alumnado ó profesorado.



### 3. OBXECTIVOS

Os obxectivos que tratamos de conseguir son os que deseguido se formulan en relación cos docentes, alumnado e familias:

#### 3.1.- Docentes:

- Garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- Fomentar a formación de profesorado e outros membros da Comunidade escolar
- Establecer procedementos que posibiliten a resolución de conflitos
- Dotarnos de ferramentas para a detección, abordaxe e resolución de conflitos de convivencia.
- Clarifica-las vías de actuación que permitan resolver, derivar ou notificar posibles situacións conflitivas e/ou de risco que se detecten.
- Prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces

#### 3.2.- Alumnado:

- Sensibilizalo sobre o seu papel no recoñecemento, evitación e control de conflitos.
- Crear a figura de “mediadores” entre o alumnado de 3º ciclo de EP
- Desenvolver habilidades persoais de autoprotección.
- Educar no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.

#### 3.3.- Familias:

- Sensibilizalas sobre a importancia de previr condutas violentas.
- Dotalas de ferramentas para detecta-la implicación dos seus fillos/as en conflitos e ofrecerlle pautas de actuación.
- Favorece-la reflexión sobre a importancia do estilo de interacción familiar.
- Difundi-los recursos existentes no entorno.

#### 3.4 .- Normativa

- Deseñar e dar a coñecer as normas xerais de convivencia do Centro e as pautas sancionadoras aplicables, valorando as consecuencias positivas e negativas.



## **4. OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA : COMPOSICIÓN, PLANS DE REUNIÓN E ACTUACIÓN**

### **4.1. Composición:**

Segundo o Artigo. 7º. 4. do Decreto 85/2007 (DOG 8/05/07) estará composta por:

- a) O director ou directora do centro, a quen lle corresponderá a presidencia.
- b) O xefe ou xefa de estudos, a quen lle corresponderá a vicepresidencia.
- c) De un a catro representantes do profesorado en función do número de alumnado, unidades e niveis impartidos no centro.
- d) O orientador ou orientadora do centro, se é o caso.
- e) Unha persoa representante do alumnado
- f) Unha persoa da asociación de pais e nais con máis representatividade no centro ou, no seu defecto, unha persoa representante de pais e nais.
- g) A persoa do consello escolar do centro que desempeñe a función de desenvolver os programas e iniciativas de coeducación.
- h) Unha persoa representante do persoal non docente.

Unha das persoas anteditas, con destino no centro educativo, actuará como secretario ou secretaria e levantará acta.

Estarán abertos á participación do profesorado titor relacionado co tema que se analice e dos profesionais de sanidade, dos servizos sociais e das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia escolar.

### **4.2. Funcións :**

O Decreto 85/2007 no seu Artigo. 7º. 3 (DOG 8/05/07) establece que:

- a) A participación na dinamización do plan de convivencia do centro e na mediación escolar.
- b) A elaboración dun informe anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no seu ámbito, así como as iniciativas a nivel de centro. Este informe será trasladado ao Observatorio de Convivencia Escolar a nivel provincial.
- c) A coordinación das actuacións conxuntas dos ámbitos implicados e relacionados coa mellora da convivencia.
- d) Propoñer á Administración educativa todas aquelas medidas que se consideren oportunas para a mellora da convivencia escolar no centro.
- e) Aquelas outras que lle sexan encomendadas pola Administración educativa ou polo Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial.

### **4.3. Plan de reunións e actuación.**

Manteranse tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.



## **5. ESTABLECEMENTO DE LIÑAS DE ACTUACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS.**

Mantemos unha comunicación fluída coas familias con outras institucións do entorno, pero debemos facer un esforzo por mellorar a relación con outras institución do barrio.

Estas relacións susténtanse en:

- Reunións iniciais coas familias.
- Entrevistas individuais coas familias.
- Reunións cos servizos pertinentes do concello. (educación, servizos sociais)
- Reunións co departamento de Orientación do IES .
- Reunións co equipo directivo do IES.

## **6. ACTUACIÓNS**

### **6.1. Normas de aula e de centro**

As normas xerais do centro polas que nos reximos son as que aparecen reflectidas no noso RRI.

Respecto ás normas de clase:

- Establecemos unhas de carácter básico comúns a todo o centro.
- Elaborarémolas en colaboración co alumnado, colaboración que se adecuará conforme á idade do devandito alumnado.
- Como toda norma, as que se elaboren irán acompañadas das correspondentes consecuencias.

### **6.2. Medidas para previr conflitos:**

#### **6.2.1. Actividades para facilita-la participación e integración do alumnado**

a) Acollida de alumnado de novo ingreso:

En canto a este punto, por un lado, seguirase o procedemento establecido no documento existente no centro para o período de adaptación para alumnado de 4º. curso de EI, así como aquel procedemento que se incorpore no Plan de atención a alumnado procedente do estranxeiro. Por outro lado, desenvolveranse actividades no contexto da Titoría no caso de que se produzan incorporacións a un curso non previsto no Plan de adaptación de EI.

b) Para coñecemento por parte do alumnado das normas, especificación de dereitos e deberes e correccións, no seu caso.

c) Acción dirixidas a incidir na educación en valores e na mellora do entorno físico, como é o traballo de recollida de residuos no patio.

d) Desenvolvemento do Plan de Acción Titorial

#### **6.2.2. Actividades para favorece-la relación familia/escola**

Aquí incluímos, por un lado, o procedemento para garanti-lo coñecemento das normas do centro, información sobre acoso e medidas básicas a adoptar.

a) Procedemento para que coñezan as normas do centro Utilizaranse como canle de comunicación:



- As reunións iniciais e tamén outras periódicas.
- As entrevistas individuais. - Folletos e notas informativas.

b) Información sobre acoso/intimidación/abuso entre iguais e medidas Información proporcionada tanto en reunións grupais coma individuais. Pero tamén a través de documentos que inclúan suxestións e indicacións como as que seguen:

- Se o seu neno ou a súa nena sofre acoso/abuso na escola, tratar de escoitalo/a con calma para que explique o que está a ocorrer, sen recriminacións.
- Comunicarlle á dirección do centro ou ó profesorado para que poidan adoptar medidas.
- Se a resposta non é satisfactoria, contactar con outras instancias e buscar recursos para intervir.
- A comprensión na casa é esencial para afronta-los feitos, pero non a sobreprotección. Do que se trata é de fomenta-la autoconfianza.
- Se nos preocupa que o noso fillo ou filla sexa un agresor/a, é importante falalo para valora-las súas relacións, sempre sen agresividade.
- Asumi-la responsabilidade de coñecer se o noso fillo ou filla están molestando a outros nenos ou nenas.
- Tratar de traballar e inculca-lo respecto cara ós demais co noso fillo ou filla.
- Informar ó centro do que está a facer para axudar ó noso fillo ou filla.

Por outro lado, aproveitamos actividades complementarias que se celebren no centro, facilitando a participación das familias mediante xornadas de portas abertas.

### **6.2.3. Actividades para a sensibilización fronte ó acoso e intimidación entre iguais.**

Poderemos tratar de forma sistematizada no contexto da titoría tarefas que incidan no ámbito das habilidades sociais. Tamén poderemos desenvolver na aula actividades con carácter máis puntual, mediante documentos ad hoc: día da paz ...

### **6.2.4 Medidas organizativas de centro:**

O centro ten coma obxectivo o rexeitamento de condutas discriminatorias, educación para a resolución pacífica de conflitos; coordinación e cooperación entre o profesorado; fomento de traballo cooperativo ...

Ademais, incluimos, estas outras medidas:

- a) Funcións e competencias dos diferentes órganos e profesionais que traballan no centro.
- b) Criterios de adscrición do profesorado.
- c) Criterios para completar horarios, se é o caso.
- d) Dereitos e deberes dos distintos compoñentes da comunidade educativa.
- e) Organización de vixilancias, entradas e saídas, así como os cambios de clase.
- f) Canles de comunicación entre os diferentes órganos e profesionais que traballan no centro

Debemos establecer e/ou clarificar:

- As liñas de comunicación entre os profesionais que traballamos no centro.
- As canles de comunicación con servizos e institucións externas.
- O procedemento para informar sobre as normas do centro ós profesionais que accedan por primeira ó mesmo.



### 6.2.5. Medidas de Atención á Diversidade no Centro:

No centro dispoñemos de:

- Criterios para a distribución do alumnado.
- Actividades realizadas en colaboración con diversas institucións e fundamentalmente en formato obradoiro, que inciden en distintos ámbitos (corresponsabilidade, saúde, ...).
- Colaboración e asesoramento do D.O. naqueles aspectos que se lle require, ademais de ofrecendo suxestións de cara á intervención en titoría.
- Atención por parte do profesorado de PT e AL de alumnado con NEE.

### 6.2.6. Plan de Acción Titorial

No PAT recóllense accións coas que se pretende promover valores de convivencia, con referencias explícitas a:

- Facilitar que @ alumn@ se vexa integrado na dinámica conxunta da escola.
- Fomentar no grupo de alumn@s de aula o desenvolvemento de actitudes participativas, non só no centro escolar, senón tamén no seu contorno sociocultural e natural.
- Explicarlle-las funcións e tarefas da titoría, dándolle-la oportunidade de participar na programación das actividades que se van realizar.
- Comentar con eles/as o Regulamento de Réxime Interno do Centro, dándolles a coñece-los seus deberes e dereitos.
- Coñece-la situación de cada alumn@ no grupo, no centro e no seu contorno socio-familiar e cultural, intervindo, na medida das posibilidades e dentro do seu horario dedicado a estas tarefas, para favorece-la integración social e escolar, nos casos que sexa necesario.
- Favorecer n@ alumn@ o coñecemento e aceptación de si mesm@, así como a autoestima, cando esta se vexa diminuída, xa sexa por fracasos escolares como por razóns doutro xénero.
- .- Coñece-la dinámica interna do grupo no que se ten que intervir e, se fose necesario, recompoñela devandita dinámica.
- .- Estimular e orientar ó grupo de alumn@s para que formulen as súas necesidades, expectativas, problemas e dificultades, dándolle-la oportunidade de que poidan organizarse e propoñer solucións.
- Celebrar asembleas c@s alumn@s co fin de comenta-las sesións de avaliación e as decisións adoptadas despois do resultado da mesmas.
- Informar ós pais e nais dos asuntos que afecten á educación dos seus fillos/as.
- .- Ter entrevistas individuais cos pais e nais, dende a perspectiva de que estas non deben quedar en informacións «negativas» sobre os rapaces e rapazas, senón tamén sobre aspectos positivos, de maneira que @ alumn@ se vexa reforzado pola familia e aumente a súa autoestima.
- Ter, polo menos, as dúas reunións cos pais e nais: unha ó comezo do curso e outra ó final. De ser posible, sería desexable que se realizase outra polo medio do curso, con independencia das que se puidesen producir por razóns puntuais.

### 6.3. A adopción de acordos entre o alumnado implicado en conflitos

A intención desta estratexia é que o alumnado inmerso nun conflito de intereses aprenda a solucionar-los tratando de chegar a un compromiso.

- a) Para poñer en práctica a estratexia teremos en consideración as seguintes puntos:



- Ante unha situación de conflito, envíase a quen estea implicado ó espazo habilitado a este efecto. Valoraremos se é conveniente que o fagan no momento do conflito ou resulta unha mellor opción pospoñe-la posta en marcha da actuación.
- Deberemos ter en conta que as persoas implicadas acepten participar.
- Deberemos ter traballado co alumnado unha pauta para que a teñan interiorizada.
- Pode ser necesaria a presenza dunha persoa que observe. Esta persoa poderá ser un adulto ou un neno ou nena.
- A utilización deste procedemento non implica que non se apliquen as consecuencias que estean estipuladas para a falta cometida, se é o caso.

b) O alumnado implicado utilizará estes pasos:

- Por quendas explicamos o noso punto de vista respectando unhas normas:
- Escoito á outra persoa sen interromper.
- Falo sen ofender nin insultar.
- Describo o que pasou.
- Expoño o motivo polo que respondín como o fixen.
- Digo o que quería conseguir.
- Digo o que conseguín.
- Explico como me sinto.

Propoñemos alternativas/solucións: “Para solucionar esta situación, eu necesitaría acordamos unha solución na que gañemos as dúas persoas en conflito. A persoa que observa recolle por escrito o acordo.

Se non acadan un acordo, irán ó despacho do D.O., onde deberán expoñer por escrito o que ocorreu. Seguidamente, o adulto que iniciou o proceso leralles o que escribiron e tratarán de chegar a un acordo. Se non acadan unha solución, posporase o tratamento do conflito a unha sesión de titoría.

## **6.4. Compromiso de convivencia e Contrato**

### **6.4.1. O compromiso (Anexos IV, V, VI e VII) Irá dirixido a casos de alumnado:**

- Que habitualmente non acepta as normas na aula ou no centro
- Con moitas faltas de asistencia que dificultan o seu desenvolvemento académico e integración
- Con problemas de atención e aprendizaxe que inflúan no seu comportamento
- Que a familia colabora

Con este instrumento poderemos tratar problemáticas relacionadas con:

- Asistencia ó colexio
- Asistencia co material escolar preciso
- Realización de tarefas na casa
- Comportamento

Pasos para o seu desenvolvemento:

- O titor/a subscribe o compromiso por propia iniciativa, por suxestión do equipo docente ou



da familia.

- No Compromiso estableceranse os obxectivos, as medidas, as obrigacións de cada parte, as datas de revisión e de contacto coa familia, así como os procedementos para valora-la efectividade. Informarase ó equipo educativo e á xefatura de estudos.
- Cada mestre ou mestra valorará o comportamento durante a súa hora de clase, podendo realizar observacións.

#### **6.4.2 Contrato ( Anexo VIII)**

A súa finalidade é a mesma que o compromiso, pero para incidir en aspectos de conduta e de realización de tarefas académicas. Tamén precisa, non só o compromiso do neno ou nena, senón tamén da familia.

Un exemplo móstrase no

### **6.5. Protocolo de actuación en casos de condutas disruptivas graves e agresións e condutas de acoso:**

#### **6.5.1. Condutas disruptivas graves e agresións**

Aplicarase o establecido no RRI, sen prexuízo de que se efectúe unha intervención sistematizada dirixida a mellorar a forma de conducirse socialmente.

#### **6.5.2. Acoso**

Entendemos por acoso entre iguais “un comportamento de abuso continuado que padece un alumno ou alumna por parte de compañeiros. A vítima síntese intimidada, excluída e percibe ó agresor como máis forte. Polo tanto, nestas situacións hai alumnado que está exposto de forma repetida e prolongada a accións negativas por parte de compañeiros, ben de forma individual ou en grupo, orixinándolle a quen é agredido/a malestar e conflitos persoais”. En consecuencia, exclúese desta definición aqueles casos de pelexas ou riñas entre alumnado de idade e forza física e psicolóxica semellantes. Cando se presente unha situación na que exista a posibilidade de que se estea a producir unha conduta de acoso, seguiremo-los seguintes pasos:

##### **Paso 1º:** Identificación, comunicación e denuncia da situación (Anexo IX)

